

José Casal y Lois: unha figura pouco coñecida da cultura pontevedresa

No fulgurante ambiente cultural que reina en Pontevedra na segunda metade do século XIX, con importantes imprentas, numerosas cabeceiras de xornais, destacados escritores, actividades teatrais, etc., emerxe unha figura case descoñecida e pouco, ou nada, citada ó analizar os traballos sobre a cidade do Lérez e os seus arredores, debido, tal vez, a que os seus estudos, pioneiros algún deles en Galicia, custodiados no Museo de Pontevedra permanecesen durante moitos anos inéditos.

Trátase de José Casal y Lois, nado en Pontevedra o 16 de febreiro de 1845, tres anos antes que Casto Sampedro, de quen logo sería compañeiro nas tarefas culturais, o fixese en Redondela. Faleceu o 17 de abril de 1912, mentres que o petrucio redondelán o faría vinte e cinco anos despois, o 8 de abril de 1937.



Acuarela de Carlos Sobrino na que aparecen profesores baixando as escaleiras do actual edificio "Sarmiento" cando era sede do Instituto de Pontevedra.

Fai os estudos de bacharelato no Instituto pontevedrés, dirixido por Francisco Sobrino e no que impartían clases profesores sobranceiros, e obtén o título de Perito Agrimensor no curso 1863-1864. Trasládase logo a Santiago de Compostela para cursar a carreira de Medicina. Rematada esta, volve a Pontevedra, onde exercerá de "médico de pobres", de "amigo de todos e humanista gueiro de xeiras de cultura" segundo as palabras de Xosé Filgueira Valverde nun artigo publicado


en 1975 no *Boletín Auriense*. Foi Académico Correspondente da Real Academia de Bellas Artes e chegou a ser proposto para Numerario da Real Academia Galega.

Na súa colección gardada no Museo atópanse, ademais de curiosos impresos, fundamentalmente pontevedreses, notas recompiladas por el e datos tomados da documentación á que tivo acceso, sobre ciencias naturais, bibliografía, historia, arte e arqueoloxía, xornalismo e imprentas, arquitectura e urbanismo, instrución pública e ensino, diversos tipos de sociedades culturais, festas civís (Entroido e Maíos) e espectáculos, como os touros, o teatro e o cine.

Pero pola súa entidade e polo que supoñen como conxunto, destacamos as seguintes facetas, que xa foran glosadas por quen escribe estas páxinas no III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada, celebrado en Pontevedra en 1996.

José Casal e o cancionero popular

A primeira tarefa de José Casal no eido cultural comézaa sendo aínda moi novo e oriéntase cara ó folclore puro, entendido como o estritamente oral, tal como logo sería o obxectivo primordial das “Sociedades” promovidas en toda España por Antonio Machado y Álvarez, nacendo a galega da man de Emilia Pardo Bazán en 1883.



Primeira colección de “Cantares gallegos” reunidos por José Casal


Principia a recoller o cancionero popular, de xeito que na súa colección documental conservada no Museo figuran varias recompilacións manuscritas. A primeira, datada xa en 1869, aparece nun caderno cosido de 138 páxinas en oitavo, no que recompila da súa man oitocentos “Cantares gallegos”, numerados a correr e sen clasificar tematicamente. Pero non

dá por rematado o traballo, xa que prosegue o acopio, chegando a dispor en 1884 de máis de catro mil recollidos nas catro provincias galegas.

Dese inxente conxunto selecciona 1.816 coplas que conforman a súa *Colección de Cantares Gallegos*, que presentaría no mentado 1884 ó Certame de Xogos Florais de Pontevedra baixo o lema de “O cantar do galleguiño é cantar que nunc’acaba” e que acadaría o primeiro premio.

Malia este recoñecemento, a obra de Casal permanecería inédita ata o ano 2001, en que viu a luz grazas á coedición feita polo Museo e o Consello da Cultura Galega segundo o estudo preparado por Domingo Blanco, mentres que o compendio co que participaba José Pérez Ballesteros, que só conseguira un accésit, sería incluído nos dous primeiros volumes do seu *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña*, publicados en Madrid en 1885 e 1886.

O orixinal de Casal y Lois presentado a consideración do Xurado do certame, tamén custodiado no Museo, consta de 194 follas en cuarto, cosidas, cunha cuberta engadida a posteriori. Nesta xa figuran os datos do seu autor, deixando de ser anónimo o conxunto, mentres que na portada propiamente dita só aparece o título e o lema, tal como se esixía no concurso. As cinco primeiras follas están dedicadas a un “Preliminar”, no que o recompilador dá unhas explicacións sobre o seu traballo, como por exemplo que seguiu as divisións que fixera Manuel Murguía na *Historia de Galicia* (iniciada a súa publicación en 1865) e as obras de Emilio Lafuente *Cancionero popular español* (1865) e de Manuel Milá i Fontanals *De la poesía popular gallega* (1877), e que moitos dos cantares foron recollidos doutras colectáneas xa publicadas.



Portada e cuberta da colección presentada ó certame dos Xogos Florais.

Seguen logo os cantares, divididos en dúas partes. Na primeira inclúe 1.674 coplas, todas de catro versos, consideradas por Casal como as auténticas “coplas”, numeradas dentro dos grupos e clasificadas temáticamente, das que 44 son relixiosas, 146 morais e sentenciosas, 415 amorosas, 215 locais e descritivas, 690 xocosas, picarescas e epigramáticas, 139 varias e 25 diálogos. Conforman a segunda 142 “cantares diversos”, dos que 55 son muiñeiras, 13 ruadas, 20 tercetos, 46 cantos de maio e 8 de nadal.


A colección presentada por Casal obtivo, como se dixo, o premio, consistente nunha pruma de ouro con turquesas, outorgado polo madrileño Raimundo Fernández Villaverde, deputado conservador pola circunscrición de Pontevedra, partido de Ponte Caldelas, desde 1872 ata 1903, que nese ano 1884 fora nomeado gobernador civil de Madrid. Os galardóns foron entregados o 12 de agosto e con ese motivo imprimiuse unha tarxeta de felicitación titulada *Embora* na que figuraba en verso: “Dicimos onte: / -Rufino, pobre Rufino, / Rufino non vos matedes; / non escribas tantas letras, / o castigo xa o veredes. / 26 de xullo” e “Dicimos hoxe: / Cantas letras, meu Rufino, / fixeche coa túa man; / mais hoxe estás satisfeito, / que a pruma foi para Casal. / 12 de agosto”. Isto indica que José Casal, consciente de que a súa letra, propia dun médico, que faría moi difícil a súa lectura, non podía ser presentada ante un Xurado, lle pasou a selección de cantares a unha persoa con boa caligrafía. Ese copista ou “amanuense”, á que se refire a tarxeta tal vez fose Rufino Rivera y Losada, entón secretario da Xunta Directiva da “Sociedad Recreo de Artesanos” que presidía o propio Casal, impulsor de certames, fundador de periódicos, como *O Galiciano* ou *A Tía Catuxa*, e defensor do idioma galego.

Na colección do Museo consérvanse tamén todos os cantares recollidos por Casal, que por veces cita a fonte de procedencia, en especial cando foron tomados de impresos. Estes orixinais serían clasificados por el mesmo despois do certame en carpetiñas e por temas, xa que neles figura o número que lle corresponde no compendio presentado ós Xogos Florais.

Pero José Casal non recolleu só cantares, senón que recompilou outros aspectos da literatura oral: oracións populares, ditos relativos ós xogos, ás diversións, ós lugares, contos, romances, refráns, adiviñas, cantares de Xaneiras e de Reis ou “sarralladas”, como a que tivo lugar en Bora en febreiro de 1897 cando casaron O Tapón e A Xabaya.

A Sociedad Arqueológica de Pontevedra

Á marxe da súa actividade profesional e cultural, José Casal amósase como un conservacionista a ultranza da arquitectura pontevedresa. A súa intervención máis sobresaínte nese senso, como membro da Comisión Provincial de Monumentos, creada o 10 de outubro de 1844 pero sen apenas actividade ata a década dos sesenta, foi a raíz de que fose acordado en xullo de 1880 o derrubamento total do que aínda quedaba en pé da igrexa do convento de San Domingos. Entrevi, en nome doutros persoeiros, ante o gobernador, Filiberto Abelando Díaz, para que ordenase ó alcalde, Alejandro Abreu, con pouco éxito, que paralizase a demolición. Foron necesarias máis xestións emanadas da Comisión de Monumentos, participando sempre nelas Casal, para conseguir conservar tan importantes restos arquitectónicos, que serían declarados Monumento Nacional pola Lei do 14 de agosto de 1895.



*As Ruínas de
San Domingos,
sede do
Museo da
Sociedad
Arqueológica.*

Ese interese por conservar todo vestixio antigo ameazado de derrubamento, como sucedía en case toda España, polos plans de modernización do Concello desde mediados do século XIX propiciou que, aínda que con outras miras máis amplas, nacesse unha institución que protexese todo aquilo relacionado coa historia e coa arte, tanto da cidade como de fóra dela. Foi a *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, creada o 15 de agosto de 1894, con Casto Sampedro y Folgar como presidente e José Casal como vicepresidente, cun regulamento impreso no que se fixan os fins da institución, entre os que figuran recoller, conservar, estudar, para o que formará unha biblioteca e un arquivo, e exhibir fondos de interese, tanto da provincia como do resto de Galicia, creando así o seu museo instalado maiormente nas Ruínas de San Domingos, fondos todos eles incorporados con posterioridade ó Museo de Pontevedra.

O estudo histórico e etnográfico de Salcedo

José Casal recompilou datos de carácter antropolóxico de diversas parroquias da contorna da cidade de Pontevedra (Bora, Lérez ou Campañó, fundamentalmente). Pero pola que sentiu unha especial predilección foi a de San Martiño de Salcedo, realizando nela o que pode ser considerado o primeiro estudo desas características dunha parroquia galega, tarefa na que está a traballar no 1900, adiantándose ás primeiras monografías feitas polo Seminario de Estudos Galegos.


Tras analizar os máis variados aspectos xeográficos e históricos da parroquia, dedícase a recoller e estudar os vestixios etnográfico-folclóricos, nos que non só se limita a recompilar sobre o terreo, senón que se pon a investigar na bibliografía e na documentación existente, como é o caso do muíño de A Tablada no río dos Gafos, con historia desde o ano 1524.

No campo folclórico recolle as diversións, como os fiadeiros e os xogos infantís, os costumes e prácticas relativas a cada etapa da vida, a curación de certas enfermidades e as

festas, coma o Entroido, os Maios ou o San Xoán. No material, cataloga os cruceiros, os hórreos, os pombais, as fontes e os muíños.

Os cruceiros e petos de ánimas

Dedícalle unha boa parte do seu tempo José Casal a catalogar un aspecto tan importante da arte popular do concello de Pontevedra como son os cruceiros, con figuras ou sinxelos, e os petos de ánimas, labor que retoma entre 1906 e 1908, pois xa tiña feito algo a final do século.



O cruceiro da Barca e o do Palacio (Salcedo) debuxados por José Casal.

Neste traballo amosa a facilidade que posuía, por unha banda, para describir os monumentos, ofrecendo información sobre a súa ubicación, a historia, os elementos que os conforman, inscricións e, no seu caso, os costumes feitos á súa beira, e, por outra, para realizar debuxos e apuntamentos, tanto xerais como de detalles, pero sen chegar a conseguir un estudo tan amplo e sistemático como o que Castelao comezaría en 1924, froito do que será a súa magna obra *As cruces de pedra na Galiza*, publicada en Bos Aires en 1950, cuxos orixinais están tamén no Museo.

Os cruceiros da parroquia de Mourente, que andando o tempo estudaría Xosé Carlos Valle Pérez, catalogados por José Casal son o da Espiñosa (con rituais para que os rapaces comezasen a andar), o de San Mauro, o de Montecelo, o de Cendón, o da Carballeira da Igrexa, o do Cemiterio, o do Garda Civil, o de Santa Margarida, o da Seca e o de Casas Novas, así coma o peto deste mesmo lugar.

Na de Salcedo, o de Mollabao, o de O Palacio, no que se alude á Nosa Señora da Consolación de Utrera e tamén con prácticas populares, o da Igrexa, o de Terebelo ou dos Barreiros, o de O Cruceiro, o de Carramal, o da Cova e o Vía Crucis do adro da igrexa.

Recolle asemade estes monumentos nas parroquias de Campañó, estudados logo por Antonio Rodríguez Fraiz, de Marcón, de Tomeza, co Calvario de Lusquiños, de Alba, de Lourizán e de Lérez, onde tamén tira algunhas fotografías. Na propia capital estuda e debuxa o da Ponte do Burgo, o do Gorgullón, o do adro de Santa Clara, o da Galera, o da Barca e o que estaba diante da fachada principal de Santa María.



Fotos tomadas por José Casal do cruceiro da Barca na antiga ubicación, hoxe na entrada da ponte do mesmo nome.

Os muíños

Neste aspecto xa tiña catalogados os de Bora e de Salcedo. Pero é no 1910 cando inventaría os do río Tomeza, que desde a parroquia de Figueirido (Vilaboa) vén a morrer, co nome de río dos Gafos no último treito, na desembocadura do Lérez. Cataloga, indicando o propietario, a ubicación e o nome, doce muíños: o da Cagallesa, o de Cortegoso, o de Don Claudio, en referencia a González Zúñiga, cun batán preto del, o de Ponte Bolera, o de Lago, o do Pito, o da Tablada, o da Ponte Nova, o dos Gafos, o de Cádavo, o de Buceta e o da Marea, que recibía este nome porque a pleamar anegaba o seu rodicio impedindo o seu funcionamento e non por ser un muíño de maré.

Recolle asemade os costumes da muiñada, coas relacións entre os mozos e as mozas, as cantigas relativas a ela e a nomenclatura das distintas partes do muíño e o seu funcionamento, así como os panadeiros e os fornos existentes na cidade e todo o referente ó oficio.

Os xogos populares

Sería esta a derradeira tarefa emprendida por José Casal, comezada tal vez en 1910 e continuada no 1911. O orixinal do traballo titúlase *Costumbres populares. Apuntes acerca de juegos, diversiones, pasatiempos, entretenimientos y juguetes de mujeres y hombres, juveniles y de muchachos* e está integrado por 171 cuartillas escritas por ambas facianas, nas que recolle preto de 150 xogos e diversións practicadas na cidade de Pontevedra.

Con este traballo José Casal convértese en pioneiro na recompilación de xogos en Galicia, como o fora antes na de cantigas populares, pois con anterioridade só contamos coas aportacións do P. Sarmiento e de Pérez Ballesteros, sendo así precursor dos homes da Xeración “Nós” e do Seminario de Estudos Galegos, que os recollerán logo de maneira illada ou atendendo ás distintas temáticas, e dos numerosos investigadores que os estudaron máis recentemente.

José Casal recolleu na cidade de Pontevedra os xogos e diversións directamente dos rapaces e rapazas e dos homes e mulleres que os practicaban, describindo polo miúdo tanto a confección dos xoguetes como o desenvolvemento dos xogos, que distribúe nos seguintes apartados: “Pasatiempos y entretenimientos”, entre os que inclúe os que precisan elementos físicos xunto a outras diversións sinxelas, así como os Maios ou algún do Entroido, “De mujeres”, “Mixtos”, “Con peletes”, “Con monedas o pesos”, “Con mesa”, “Con pelota o gorra”, “De salto”, “De esconderse”, “Con la baraja” e outros “De Entroido”.



Páxinas do orixinal de José Casal con debuxos sobre os xogos en Pontevedra.

Despois de permanecer inédito durante case cen anos, viu a luz no 2009, mediante coedición co Consello da Cultura Galega, segundo a transcripción, con estudo introdutorio, notas e índices dos xogos citados, de quen isto escribe.

XOSÉ FUENTES ALENDE,
Secretario Técnico do Museo